



Departamento de Cultura
Biblioteca Municipal
A Perillana, 09-11
36860 Ponteareas
e-mail: departamentocultura@ponteareas.es
Teléfonos: 986/661674.

BASES DE SUBVENCIONES PARA CURSOS QUE SE IMPARTIRÁN NOS CENTROS CULTURAIS E CASAS CULTURAIS DE PONTEAREAS

Ano 2015

1.-OBXECTO

O Concello de Ponteareas no seu afán de impulsar e fomentar as actividades que ao longo do ano se desenvolven nos centros e casas culturais do termo municipal de Ponteareas promove unha liña de axudas para desenvolver cursos nos centros e casas culturais incluídos dentro da Rede de Casas Culturais do Concello de Ponteareas, que así o soliciten.

Os cursos solicitados polos centros e casas culturais, unha vez aprobados e realizados, coas contías que se establecen para este fin na base 7, imputaranse con cargo á partida 33000/480/15 do orzamento municipal.

2.-DESTINATARIOS

Poderán inscribirse para impartir cursos nos centros e casas culturais do termo municipal de Ponteareas todas as persoas físicas interesadas, de acordo co establecido no apartado 4 destas bases.

3.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse no modelo normalizado que se facilitará no Departamento de Cultura do Ilmo. Concello de Ponteareas, ou na páxina web do concello: www.ponteareas.es, xunto coa documentación prevista na base 4, e presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Ponteareas.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais e comezará a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.-DOCUMENTACIÓN

Para seren incluídos neste programa de cursos que se impartirán nos centros culturais de Ponteareas ao longo do ano 2015, deberase presentar a seguinte documentación:

a.- Fotocopia do DNI/NIF do/a monitor/a.

b.- Currículum do/a monitor/a

c.- Memoria explicativa do curso que se oferta, incluíndo se é posible, imaxes e todos aqueles datos que poidan ser de interese para os/as posibles alumnos/as.

d.- Memoria detallada das necesidades materiais ou de mobiliario que se precisen nos centros culturais para impartir o curso.

De conformidade co establecido no art. 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a documentación sinalada nos apartados anteriores non se terá que presentar se xa se entregou no

Departamento de Cultura do Concello de Pontareas nos últimos cinco anos e sempre que non houberse variación nela.

6.- SELECCIÓN

A selección dos monitores dos cursos levaraa a cabo o Departamento de Cultura, que poderá solicitar o asesoramento necesario, a través de informes técnicos e/ou de expertos na materia, propoñéndolle ao órgano competente a súa aprobación definitiva.

Criterios de selección:

- Estar empadroado na localidade, cunha antigüidade mínima de 1 ano antes de rematar o prazo de presentar as solicitudes: ata 5 puntos.*
- Acreditar estar en situación de desemprego: ata 5 puntos.*
- Ter realizado cursos para o Concello de Pontareas: ata 5 puntos.*
- Memoria da actividade a realizar: ata 5 puntos*
- Valoración outorgada polos alumnos/as no caso de terse realizado o curso ou actividade noutras ocasións: ata 5 puntos.*

7.-RETRIBUCIÓN

Cada curso será subvencionado e retribuído cunha aportación do concello de 200,00 euros. Cada centro cultural deberá achegar a cantidade de 100,00 euros, tal como se especifica na seguinte táboa.

<i>Cursos</i>	<i>Achega do Centro cultural</i>	<i>Subvención do Concello</i>	<i>Retribución por curso</i>
<i>Reciclaxe e cestería ecolóxica</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Cociña e repostería</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Informática</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Arte floral</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Animación infantil</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Pintura</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Restauración de mobles</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Ximnasia de mantemento</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Animación sociocultural</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Decoración de camisetas</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Poda e selvicultura</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Manualidades</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>
<i>Outros cursos</i>	<i>100,00</i>	<i>200,00</i>	<i>300,00</i>

Total presupostado e reservado para gastos dos cursos que se impartirán nos centros culturais e casas culturais ao longo do ano 2015: 12.000,00 euros

As subvencións recollidas nestas bases concederanse con cargo a partida 33000/480/14 do orzamento municipal do ano 2015. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

8.- SOLICITUDE DE CURSOS

Os centros e casas culturais de Pontareas, incluídos na Rede de Casas Culturais de Pontareas, solicitarán ata un máximo de dous cursos cada ano. As solicitudes formalizaranse no modelo que facilita o Departamento de Cultura.

O Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas enviaralles a relación definitiva de cursos que se ofertan aos centros culturais e casas culturais, ao longo do ano 2015. As solicitudes para levar a cabo os cursos realizaranse cunha antelación mínima de dous meses á data do seu inicio. No caso de non esgotarse a existencia de crédito poderían optar a máis de dous cursos os centros que estiveran interesados.

Os centros culturais e casas culturais adxudicatarios dos cursos están obrigados a facer mención, na súa propaganda e publicidade que confeccionen, do patrocinio do curso por parte da Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas, así como a aboarlle ao/á monitor/a a parte correspondente que debe achegar cada centro cultural; obriga que, de non producirse, deixará sen efectos a concesión da subvención aprobada.

9.-OBRIGAS DOS/DAS MONITORES/AS

Os/as monitores/as comprométense e obríganse a desenvolver os cursos que soliciten os centros culturais e casas culturais, negociando cos centros os días e horarios en que terán lugar, e soamente en casos de forza maior, debidamente xustificados, quedarán exentos/as do dito compromiso.

10.-PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O centro ou casa cultural beneficiario da subvención presentará, no modelo facilitado polo Departamento de Cultura, solicitude de pago do importe da subvención por cada curso concedido e impartido.

En dita solicitude deberá constar a certificación do/a presidente/a do centro ou casa cultural beneficiario, na que fará constar que o curso foi impartido na súa totalidade, e acompañarase da factura emitida pola persoa física ou xurídica que teña impartido o curso ao centro ou casa cultural beneficiario da subvención.

Esta documentación presentarase no prazo máximo de 30 días, dende a data do remate do curso, e sempre antes do 20 de decembro do ano en curso quedando sen efecto, se transcorren ditos prazos.

11.-VIXENCIA

Estas bases de subvencións, destinadas a subvencionar cursos nos centros e casas culturais de Ponteareas, terán vixencia ao longo do ano 2015, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

12.-DEREITO SUPLETORIO

Para o non establecido nas presentes bases serán de aplicación as bases de execución do orzamento municipal e demais lexislación aplicable.

Ponteareas, marzo de 2015.

*Andrés Sampedro Fernández
Concelleiro de Cultura, Educación e Turismo.*